

## Entranas de misericordia

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria  
Nadal 2019



A Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria, co apoio de Asoc. Irimia, Asoc. Encrucillada, Col·lectiu de dones en l'Església per la paritat, Dones Creients, Mujeres y Teología de Sevilla, Cabra e Zaragoza, Red Miriam de espiritualidad ignaciana femenina, Colectivo Agar e a Comunidade Cristiá Torrero III de Zaragoza.

Dirixímonos á Igrexa galega, e nomeadamente ao seu arcebispo e bispos, a raíz das declaracións de Francisco Rafael Gómez Canoura, párroco de Zas, para chamar a súa atención sobre o que nos está a preocupar na nosa Igrexa.

O obxecto deste documento é **censurar** unhas palabras que atentan contra os Dereitos Humanos, escritas por unha persoa concreta que se cre co dereito a podelas dicir, pero tamén **denunciar** o contexto eclesial que o permite e non toma medidas enérxicas para erradicar este comportamento. No noso horizonte está a procura dunha mellor Igrexa Galega.

Non entendemos a permisividade por parte da autoridade eclesiástica respecto dun crego que hai pouco rematou o seu período de formación no seminario, un crego que a día de hoxe segue celebrando e predicando nas “súas” parroquias. E entendémola aínda menos cando o comparamos coa dureza coa que se tratan outras declaracións e situacións que non atentan contra os Dereitos Humanos como esta, e nas que non se dubida en pechar a boca ou condenar a persoas e asociacións. Vemos unha grande distorsión respecto do tratamento das diferentes polémicas que se suscitan no seo da nosa Igrexa e isto lévanos a facer a seguinte reflexión que ten como obxectivo denunciar as actitudes que máis nos interpelan como mulleres, como cristiás e como galegas facendo propostas construtivas que nos axuden a avanzar.

**Como mulleres**, estamos a sentir en certos sectores da nosa Igrexa un aumento da hostilidade cara nós e cara a causa feminista, que non é outra que a igualdade de todos os fillos e fillas de Deus. Levamos moito tempo reflexionando sobre esta cuestión, como ben poñen de manifesto o documento *Nós, as mulleres na Igrexa*, de novembro de 2010 e *A violencia de xénero violencia contra as mulleres*, de novembro de 2012 e que poden consultar na nosa web [www.exeria.org](http://www.exeria.org). Constatamos con tristeza o medo e receo que determinados sectores da Igrexa nos seguen tendo a nós, as mulleres, as súas irmás, medo e receo que se manifesta en actitudes de rexeitamento cando non aberta misoxinia. Cremos que pode ser debido a que a formación dos futuros sacerdotes está demasiado nesgada cara o masculino. Os cregos deben coñecer o que pensamos ás mulleres para aprender a valorar os noso aportes á vida eclesial. Nótase moito a falla de presenza feminina na formación dos sacerdotes. Na nosa Igrexa contamos con mulleres ben preparadas, algunhas doutoras en teoloxía, outras amplamente formadas en acompañamento espiritual: mulleres que dirixen exercicios espirituais e imparten clases de teoloxía que deberían estar formando aos noso futuros sacerdotes. Non se pode apreciar o que non se coñece.

**Como cristiás**, vemos con preocupación como a Igrexa se está convertendo no tobo onde se agochan certos sectores de opinión nos que campan persoas que se negan a ter entranas de misericordia, que viven permanentemente en contra de todo o que de bo e xeneroso vai tendo a sociedade nos seus cambios. A Igrexa é o corpo místico de Cristo, signo e sacramento de salvación, pegada de Deus no mundo. No nome de Deus, que fixo o ceo e a terra, do seu fillo Xesucristo, nacido de muller, e do Espírito que alenta a Igrexa non nos podemos permitir ser a institución na que se refuxien o odio, a intolerancia, a inxustiza, a cobiza e o desamor.

Notamos tamén o pouco protagonismo que se lle dá a laicos e laicas, o pouco que se segue apostando por formar un Pobo de Deus adulto na fe. Estamos vendo como cada día as persoas laicas somos relegadas, infantilizadas ou directamente excluídas da acción pastoral, unha acción pastoral á que se nos convoca para elaborar documentos que logo son desactivados e esquecidos nos caixóns dos despachos. Sucedeu co concilio pastoral de Galicia e está a pasar coas conclusións dos Sínodos nas nosas igrexas locais. Sentimos que se nos convoca a participar, pero realmente non se nos escoita.

**Como galegas,** sentimos a dor da terra ao ver a pouca altura humana de certos sectores da xerarquía da nosa Igrexa, o escaso aprecio que lle teñen á cultura galega, como se resisten a utilizar o galego e como mesmo o desprezan. Notamos actitudes máis próximas á prepotencia que ao sentido eclesial e comunitario. Necesitamos un clero sen medo a dialogar coa comunidade eclesial e coa cultura galega, que saiba respectar as diferentes opcións das persoas, que sexan animadores de auténtica e fonda eclesialidade.

Queremos pedir a toda a Igrexa galega e nomeadamente aos seus pastores: cregos, bispos e arcebispo que renoven e os seus esforzos na formación actualizada dos novos sacerdotes, que os preparen para non ter medo de nós, as mulleres, nin do mundo plural no que viven, para que saiban dar pasos seguros e decididos pola eclesialidade, camiñando cara a formación de comunidades vivas e adultas, responsables na súa fe, sen medo ás diferenzas, acolledoras e misericordiosas, en diálogo coa cultura galega, que sexan semente do Reino de Deus na nosa terra e o mundo.

É tempo de Nadal, ogallá o neno que nace en Belén o faga tamén nos corazóns de todas as persoas. Ogallá os nosos corazóns de pedra se converten en entranas de misericordia para poder seguir avanzando na eclesialidade, a xustiza e a paz.

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria. Festa das Santas Inocentes. Nadal 2019.

[www.exeria.org](http://www.exeria.org)  
mcgexeria@gmail.com

## Entrañas de misericordia

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria  
Navidad 2019



La Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria, con el apoyo de Asoc. Irimia, Asoc. Encrucillada, Col·lectiu de dones en l'Església per la paritat, Dones Creients, Mujeres y Teología de Sevilla, Cabra e Zaragoza, Red Miriam de espiritualidad ignaciana femenina, colectivo Agar y la Comunidad Cristiana Torrero III de Zaragoza.

nos dirigimos a la Iglesia gallega, e especialmente a su arzobispo y obispos, a raíz de las declaraciones de Francisco Rafael Gómez Canoura, párroco de Zas, para llamar su atención sobre lo que nos está preocupando en nuestra Iglesia Gallega.

O objeto de este documento es **censurar** unas palabras que atentan contra los Derechos Humanos, escritas por una persona concreta que se cree con derecho a poderlas decir, pero también **denunciar** el contexto eclesial que lo permite y no toma medidas enérgicas para erradicar este comportamiento. En nuestro horizonte está la búsqueda de una mejor Iglesia.

No entendemos la permisividad por parte de la autoridad eclesiástica respecto de un cura que hace poco ha acabado su período de formación en el seminario, un cura que a día de hoy sigue celebrando y predicando en “sus” parroquias. Y la entendemos aún menos cuando lo comparamos con la dureza con la que se tratan otras declaraciones y situaciones que no atentan contra los Derechos Humanos como ésta, y en las que no se duda en cerrar la boca o condenar a personas y asociaciones.

Vemos una gran distorsión respecto del tratamiento de las diferentes polémicas que se suscitan en el seno de nuestra Iglesia y esto nos lleva a hacer la siguiente reflexión que tiene como objetivo denunciar las actitudes que más nos interpelan como mujeres, como cristianas y como gallegas haciendo propuestas constructivas que nos ayuden a avanzar.

**Como mujeres**, estamos sintiendo en ciertos sectores de nuestra Iglesia un aumento de la hostilidad hacia nosotras y la causa feminista, que no es otra que la igualdad de todos los hijos e hijas de Dios. Llevamos mucho tiempo reflexionando sobre esta cuestión, como bien ponen de manifiesto el documento *Nós, as mulleres na Igrexa*, de noviembre de 2010 y *A violencia de xénero violencia contra as mulleres*, de noviembre de 2012 y que pueden consultar en nuestra web [www.exeria.org](http://www.exeria.org). Constatamos con tristeza el miedo y recelo que determinados sectores de la Iglesia nos siguen teniendo a nosotras, las mujeres, sus hermanas, miedo y recelo que se manifiesta en actitudes de rechazo cuando no abierta misoginia. Creemos que puede ser debido a que la formación de los futuros sacerdotes está demasiado sesgada hacia lo masculino. Los curas deben conocer lo que pensamos las mulleres para aprender a valorar nuestros aportes a la vida eclesial. Se nota mucha falta de presencia femenina en la formación de los sacerdotes. En nuestra Iglesia contamos con mujeres bien preparadas, algunas doctoras en teología, otras ampliamente formadas en acompañamiento espiritual: mujeres que dirigen ejercicios espirituales e imparten clases de teología que deberían estar formando a nuestros futuros sacerdotes. No se puede apreciar lo que no se conoce.

**Como cristianas**, vemos con preocupación como la Iglesia se está convirtiendo en la madriguera en la que se esconden ciertos sectores de opinión en los que se mueven personas que se niegan a tener entrañas de misericordia, que viven permanentemente en contra de todo lo que de bueno y generoso va teniendo la sociedad en sus cambios. La Iglesia es el Cuerpo Místico de Cristo, signo y sacramento de salvación, huella de Dios en el mundo. En el nombre de Dios, que hizo el cielo y la

tierra, de su hijo Jesucristo, nacido de mujer, y del Espíritu que alienta la Iglesia no nos podemos permitir ser la institución en la que se refugien el odio, la intolerancia, la injusticia, la avaricia y el desamor.

Notamos también el poco protagonismo que se le da a laicos y laicas, lo poco que se sigue apostando por formar un Pueblo de Dios adulto en la fe. Estamos viendo como cada día las personas laicas somos relegadas, infantilizadas o directamente excluidas de la acción pastoral, una acción pastoral a la que se nos convoca para elaborar documentos que luego son desactivados y olvidados en los cajones de los despachos. Sucedió con el Concilio Pastoral de Galicia y está pasando con las conclusiones de los Sínodos en nuestras Iglesias locales. Sentimos que se nos convoca a participar, pero realmente no se nos escucha.

**Como gallegas**, sentimos el dolor de la tierra al ver la poca altura humana de ciertos sectores de la jerarquía de nuestra Iglesia, el escaso aprecio que le tiene a la cultura galega, como se resisten a utilizar el gallego y como incluso lo desprecian. Notamos actitudes más próximas a la prepotencia que al sentido eclesial y comunitario. Necesitamos un clero sin miedo a dialogar con la comunidad eclesial y con la cultura gallega, que sepa respetar las diferentes opciones de las personas, que sean animadores de auténtica y honda eclesialidad.

Queremos pedir a toda la Iglesia gallega y especialmente a sus pastores: curas, obispos y arzobispo que renueven sus esfuerzos en la formación actualizada de los nuevos sacerdotes, que los preparen para no tener miedo de nosotras, las mujeres, ni del mundo plural en el que viven, para que sepan dar pasos seguros y decididos por la eclesialidad, caminando hacia la formación de comunidades vivas y adultas, responsables en su fe, sin miedo a las diferencias, acogedoras y misericordiosas, en diálogo con la cultura gallega, que sean semilla del Reino de Dios en nuestra tierra y en el mundo.

Es tiempo de Navidad. Ojalá el niño que nace en Belén lo haga también en los corazones de todas las personas. Ojalá nuestros corazones de piedra se conviertan en entrañas de misericordia para poder seguir avanzando en la eclesialidad, la justicia y la paz.

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria.  
Fiesta de las Santas Inocentes. Navidad 2019.

[www.exeria.org](http://www.exeria.org)  
mcgexeria@gmail.com